



Retratos e retratistas

da Limia

Edelmiro Martínez Cerredelo

A primeira noticia dun estudo de fotografía en Xinzo figura nun anuncio que se pode ler no xornal local *Juventud* do ano 1919 que di: «*Caballero, Señora, Señorita. ¿Quieren ustedes retratarse? Visiten la fotografía "La Violeta". Precios económicos. Trabajos delicados. Ginzos de Limia*». Por unha moi antiga foto dunha voda, posiblemente anterior aos anos 20, sabemos da existencia dun fotógrafo en Xinzo, cuxo selo de caucho na parte posterior di: «*Fotografía artística y pintura. José Sagrario López*». Tamén coñecemos a existencia dalgúns dos fotógrafos de Xinzo grazas ao anuario comercial Bailly-Bailliere que, nos anos 20 do século pasado, menciona como fotógrafo unicamente a Antonio

Vázquez¹. Posteriormente, durante o período anterior á Guerra Civil, relaciona a Luís Nieto e aínda figura tamén Antonio Vázquez, de quen non puidemos obter datos. Nos anos 30, 40, na relación de fotógrafos figuran Julio Cerredelo que tiña unha taberna e o farmacéutico Celso Peláez, que para alén de farmacéutico tamén era fotógrafo, así se anunciaba na prensa: «*Se hacen fotos para cédulas, salvoconductos, etc, etc. ENTREGA INMEDIATA*». Entre finais dos anos 1950 e 1960 xa figuran foto Godás e foto Rizo, e non menciona a foto Dacal, que xa estaba establecido en Xinzo. Da actividade anterior aos anos 50 non temos apenas noticias, polo que imos falar dos máis coñecidos desde esa data.

Foto Dacal: 100 anos retratando os limiaos



José Dacal

A saga desta familia de fotógrafos comeza alá polo ano 1915, cando regresa de Cuba o bisavó Ricardo Dacal. Alá naquela terra traballara como fotógrafo á minuta (fotografía

1. Pode ser o fotógrafo de *La Violeta*.

ambulante, que se ten xa ao momento), cunha cámara que despois trouxo para acá. Instalouse na aldea da Torre (Porqueira) e dedicouse a percorrer as feiras e festas da comarca para facer retratos. Seu fillo, Senén Dacal, aprendeu e herdou o oficio do pai: a pé, na cabalaría ou na bicicleta, percorreu as aldeas da Limia facendo retratos en feiras, festas e romarías.

Cando en marzo de 1944 sae o decreto franquista que crea obrigatoriamente o documento nacional de identidade, ao Senén foi como se lle tocase a lotaría. Practicamente sen competencia na Limia, fártase de sacar fotos para o DNI. Na década dos 50 instálase en Xinzo, na praza de San Roque nº 13, cunha casa de xantares, e continúa co seu oficio de fotógrafo á minuta.

Posteriormente, cara a mediados dos anos 50, compra un predio e fai alí unha casa, na praza de San Roque nº 9, onde instala un estudio de fotografía xa coa colaboración de seu fillo, José Dacal. Pouco antes, os Dacal estiveran en tratos para coller o traspaso do estudio de foto Godás, tratos que non chegaron a un acordo. Seu fillo, xa máis modernizado (desprázase cunha moto Lube), percorre as fei-



Foto Dacal. 1958. 13 de xullo. Ramón Peaguda, Mario Villarino e Luciano Sierra Ramos.



Foto Dacal. Teresa, Pepe Meco, a nena Teresa e Manola Vallejo



Foto Dacal. Carlos Casares xogando ao fútbol en Xinzo. Decembro 1960

Foto Dacal. 1959 Damil. Toño Vazquez Biempica, Moncho Fariñas, Manolo Rúa e J. Luis Fariñas.

ras, festas e romarías da Limia, mentres Senén traballa no laboratorio. Desde o ano 1974 colabora co Pepe o fillo deste, José Luís, quen fai un curso en Vigo, e a partir de entón utilizan unha nova técnica para colorearen as fotos e tamén fan os retoques á man nas fotos en branco e negro do estudio.

Mágoa que non se conserven os negativos dos miles de fotografías que a familia leva feito desde hai 100 anos. O dito arquivo sería hoxe unha xoia para coñecermos distintas xeracións de limiaos e a nosa historia. Parece ser que veu un temporal de auga, xa hai anos, inundouse o estudio familiar e derramáronse tanto fotografías como negativos.

Nos anos 80, os Dacal son dos primeiros fotógrafos da provincia en

utilizar o vídeo para inmortalizar as vodas que se celebran en Xinzo e na bisbarra. Na actualidade, o estudio de foto Dacal está rexentado polos irmáns José Luís e Gonzalo Dacal, que son xa a cuarta xeración de fotógrafos da familia.

Foto Brindes-Foto Mati: fotógrafos por accidente

Alá polo ano 1970, regresan da emigración en Suíza Matilde Gándara e seu home, Brindes Blanco Rodríguez. De alí a pouco, e case sen experiencia, instalan no comedor da súa casa, alugada na hoxe rúa do Toural, un estudio fotográfico co nome de Foto Brindes, para se dedicaren profesionalmente á fotografía. Aproveitan a escuridade do cuarto máis pequeno para o utilizaren como laborato-



*Matilde Gándara
(Foto Mati-Brindes)*



Praza Maior. Xinzo de Limia



Foto Godás. 1958 Camilo Novoa.
Xinzo



Foto Godás. 1959. Manolo Rúa,
Manolín e Camilo Novoa

rio. Ao principio comezan por facer reportaxes de voda cunha cámara moi sinxela, unha Werlisa de afeccionado, pero como os resultados non son bos, Brindes, desanimado, acaba marchando de novo para Suíza.

Posteriormente alugan un local na hoxe rúa de Madrid nº 4, para instalar nela un pequeno estudio. Matilde, que xa tiña algunha experiencia por ter axudado no estudio e no laboratorio, precisa ter azos. Co pouco que sabía e cunha gran forza de vontade, ten que facer pola vida, conseguindo pouco a pouco ir para diante grazas ao seu interese e tesón por aprender e dominar o oficio.

Nun principio só tiraba fotos de estudio, pero despois animouse a saír e tirar fotos pola rúa fóra. O seu verdadeiro bautismo foi nunha data en que se facían as comuñóns en grupo: presentouse na igrexa para sacar fotos a quen llo pedise e foi ben recibida e felicitada por amigos e veciños, pois naqueles tempos non era frecuente ver mulleres fotógrafas. Matilde andaba coa súa cámara polas festas e polas romarías da Limia, e atendía encargos de vodas, bautizos e banquetes que daquela se celebraban maiormente nas propias casas.

Nos anos 80 trasladan o estudio para unha casa levantada con moito traballo persoal, situada na rúa Dous de Maio nº 58, que aínda estaba sen rematar. Logo da separación do matrimonio, continúa en solitario co nome de foto Mati, inda que sempre sería recoñecida popularmente como foto Brindes. Nos anos oitenta chego a filmar cerimonias en súper 8, pasando posteriormente a filmalas no novo formato de vídeo VHS. Neste

lugar estaría ata a súa xubilación, no ano 2003, data en que finaliza a súa actividade profesional e refírase.

Foto Godás: unha saga de fotógrafos.

Ramón Godás (1871-1952), fotógrafo e impresor, foi o primeiro fotógrafo estable do Carballiño, un profesional que respondía ao prototipo de fotógrafo rural, dedicado preferentemente ao traballo de estudio, pero tamén estaba presente naqueles acontecementos ou citas da vida social do Carballiño, retratando acontecementos relacionados co fútbol, festas, procesións e romarías. Ramón foi o iniciador dunha saga de fotógrafos que chega ata os nosos días, xa que algún dos seus numerosos fillos, netos e bisnetos continuaron coa tradición familiar².

É o caso de dous deles, que nunha data imprecisa dos anos 50 do século XX instálanse en Xinzo, na rúa xeneral Franco nº 2-2^º: unha das fillas, Paca, e seu irmán Pepe Godás. Alén do Pepe en Xinzo, un outro fillo, Máximo Godás, establecerase como fotógrafo en Verín xa en 1929, onde aínda continúa a saga familiar de fotógrafos.

Pepe Godás é o autor de moitas das fotos que figuran nos álbums de moitas familias da nosa vila. É unha mágoa que non as rotulase como facía o Rizo para poder identificalas. Súas son as numerosas fotos do famoso programa de radio <Cara al público de La Voz de la Limia>, que con actuacións en directo tiña lugar periodicamente nos cines de Xinzo, e actos como as representacións tea-

2. Rodríguez, X.M.1993. *Ramón Godás fotógrafo e impresor*. Xociviga, O Carballiño.



Foto Godás. 1959. Manolín, Julio Xinzo, Lisardo (sobriño da Virucha), Manolo Rúa, Camilo Novoa e Tito Jo.



Foto Godás. Orquesta Nuevos Ritmos anos 50-act. Radio Ginzo-La Voz de la Limia en Cine Antelano

trais ou as festas do Santo Tomás de Aquino do colexio Santa Mariña na década dos anos 50/60. Foi o primeiro que utilizou en Xinzo a técnica da goma bicromatada para colorear as fotos. O seu estudio estaba situado nun segundo andar, o que debeu dificultar o seu negocio. Marchou de Xinzo nos primeiros anos da década dos 60. As noticias que se teñen é que emigrou para a Arxentina.

Xosé Vázquez Arias, o Rizo. A cara amable dunha época

O Rizo foi un dos fotógrafos máis populares da provincia de Ourense. En calquera festa, romaría, feira ou celebración familiar, alí estaba o Rizo coa súa cámara Leica para inmortalizar en imaxes nosos pais, nosos avós ou nós mesmos. Desenvolveu a súa actividade nunha época que vai desde finais dos anos 40 ata mediados dos anos 70, en que se produce o seu pasamento.

Xosé Vázquez Arias, así é como se chamaba o Rizo, alcume herdado

do seu avó pola súa enguedellada cabeleira, naceu en 1917 na aldea de Casasoá, da parroquia de San Xoán de Camba, no concello de Castro Caldelas. Foi o segundo de seis irmáns. Morreu na mesma aldea, na primavera do ano 1975.

Segundo o xornalista Xosé Manoel Rodríguez, ao comezo dos anos 40 marchou para Monforte para aprender o oficio co fotógrafo Vila. Pasou pouco tempo ata que voltou e fixo de Casasoá o seu estudio, captando coa máquina de fotos todo aquilo que excitaba a súa imaxinación e facendo as primeiras prácticas dos seus recén adquiridos coñecementos. Sábese que de mozo traballa en Bilbao, na rúa, como fotógrafo á minuta. A mediados dos anos 40 está en Ferrol traballando para Unifar³, desenvolvendo o seu traballo tanto na rúa como no laboratorio. Posteriormente independízase e muda a súa residencia para Ourense capital, instalando o seu estudio, no ano 1946, na rúa Lepanto. Desde alí desprazábase a case todas as vilas da provincia, especialmente ás de Allariz, Bande,



José Vázquez Arias (o Rizo)



Adelita Peláez, Enma Romero, Lola Vidal e Luis Peláez. Anos 40



Alfonsito e Chichita Villarino.
Entroido anos 50.



Carmiña Limia con Sira Cuquejo
e a súa filla Aurita.

Ribadavia, O Carballiño, Celanova e Xinzo de Limia. O Rizo coñecía moi ben a técnica fotográfica, dominaba a escenografía e, sobre todo, tiña un don de xentes que lle tiraba toda a artificialidade á fotografía⁴.

Coincidimos todos os que o coñecemos en que o Rizo era unha persoa afable, sempre cun permanente sorriso na face, que tiña unha gran facilidade para facer amizades e que sobresaía por riba de todo polo seu carácter de home solitario. Foi un gran traballador. A súa honradez e amor á fotografía levábanlle moitas veces a regalar as fotos que sacaba.

Na nosa vila, onde tiña un pequeno estudio na rúa xeneral Franco⁵, estaba presente nas feiras do 14 e o 27, no Entroido, na Semana Santa, nas festas de Corpus e Santa Mariña, na romaría da Saínza e da Santa Cruz de Lamas. Tamén era moi demandado o seus traballo en vodas, comunións e bautizos. Así que sacaba as fotos, regresaba axiña a revelalas ao seu estudio en Ourense. Logo despois, as fotos reveladas pendurábaas nos escaparates de locais, que no caso de Xinzo eran dúas vitrinas na fachada e no escaparate da librería Blanca. O día que se expuñan era todo un acontecemento social, para as ollar e para as comentar. Alí xuntábanse vellos, nenos, mozos e mozas para veren o resultado do traballo e mercar as fotos, sempre presentadas en tiras de dúas, tres ou catro fotografías.

3. Teño comprobado que na nosa vila hai numerosas fotografías, creo que dos anos 40, nas que figura gravada a marca UNIFAR, polo que non sería disparatado supoñer que o Rizo posiblemente traballou algunha vez en Xinzo, naquel tempo, para a dita firma ferrolá.

4. José Luis Cabo e Enrique Acuña. *As feiras do Rizo*. Xociviga. O Carballiño. 1989.

5. As fotos que facía no estudo eran maiormente para o DNI, pasaportes e outros documentos. Tamén facía fotos, individuais e en grupo, para enviar ás familias na emigración.



Chicho Martínez Cerredelo. Anos 50



Chicho Martínez Cerredelo en 1956



Chicho Martínez Cerredelo na Saínza, finais dos 50



Celsiño Martínez



Edelmiro Martínez Bouza

Pode dicirse que non hai familia da nosa vila ou da comarca da Limia que non teñan, no álbum de fotografías familiar, infindade de fotos feitas polo Rizo desde finais dos anos 40 ata mediados dos anos 70 do século pasado. Estas fotos, ao longo do tempo, seguen emocionando ou alimentando a nostalgia ao repasar os felices momentos vividos nalgunha daquelas fermosas imaxes do Rizo.



Edelmiro Martínez e Corona Cerredelo



De arriba cara abaixo

Familia Martínez Cerredelo, festas de Corpus 1953

José Isaac e Esther Álvarez. Entroido 1964

Pilarita Bermúdez, Aurita Villarino, Elisa Gelpi, Manolita Méndez e Custodia Delgado

Arriba

Sito Durán, Pepito Sirgo e Augusto.

Abaixo

Miro Martínez Cerredelo e José Luís Fariñas. Anos 50



De arriba cara abaixo

Sita , Lola Bernardez, Loli Fariñas e Celita Suárez

Tavo Gómez, Manolito Pallona, Pepe Gómez, J.Luis Maragón, Gerardo Gómez e Matías Carballal

Viruca e Marina M.Cerredelo, Felipe Bolaño e Sita Fariñas

